# MEMORIA DE ACTIVIDADES
## Persoal bolseiro da Oficina de Medio Ambiente

## Curso 2019/2020

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**REDACCIÓN**
**Grupo de bolseiras e bolseiros da OMA e Green Campus:**
María Bañón Goiriz
Cristian Damil García
Carlota Fiaño Salinas
Natalia Fraga Pérez
Sión Kokoszko Ribas
David López Folgueira
Óscar Martínez Díaz
Luis Eduardo Pan Lizacano
Katia Pérez Pereira
Félix Rey Dono
Alejandro Serantes Pinell
Cristina Videla Crespo
Sara Vispalia Moreno

**DIRECCIÓN**
Manuel Soto, Director da OMA

**COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN**
Verónica Torrijos, Técnica da OMA

**EDITA**
Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC),
Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade

**AGRADECEMENTOS**
Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE),
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU)

# ÍNDICE

**1.Coordinación e Responsabilidades**
1.1. A Oficina de Medio Ambiente (OMA)
1.2. Organización do persoal bolseiro
1.3. Recoñecemento de créditos
1.4. Voluntariado ambiental

**2.Divulgación da OMA**

**3. Mobilidade Sustentábel**
3.1. Servizo de préstamo de bicis
3.2.Ergonomía e mantemento da bici
3.3. Roteiro Campus-Cidade

**4.Monte da Fraga**
4.1. Proxecto de Custodia do Territorio
4.2. Actividades

**5.Residuos**
5.1. Visita á Planta de Tratamento de Residuos de Nostián
5.2. Campaña de sensibilización sobre a separación e xestión dos residuos na UDC
5.3. Áreas de compostaxe na UDC

**6. Proxecto Educando para a Sustentabilidade**
6.1. Marzo Ambiental 2020
6.2. Curso on-line Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio

**7. Campañas de Aforro de Auga, Enerxía e Papel**
7.1. Aforro de auga na UDC e ecoauditorías
7.2. Aforro de papel na UDC

**8. Outras Actividades**
8.1. Proxecto Rios e Limpeza simultánea de ríos
8.2. Participación no Climathon 2019
8.3. II Edición dos Premios UDC Sustentabilidade
8.4. Hortas comunitarias UDC e parcela da OMA

**9. Programa Green Campus**

**10. A UDC no Ranking GreenMetric 2019**

**11. Resultados e valoración do curso 2019/2020**
11.1. Cronograma
11.2. Participación
11.3. Avaliación

**12. OMA nos medios de comunicación**

# 1.Coordinación e Responsabilidades

## 1.1. A Oficina de Medio Ambiente

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC) é un servizo que depende da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade.
Está situada no edificio Xoana Capdevielle, no Campus de Elviña. A OMA participa na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC.
Os seus obxectivos encádranse en dous eidos prioritarios: a xestión ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

As actuacións da OMA poden enmarcarse nos seguintes bloques temáticos:

a. Información e divulgación ambiental nos campus da UDC
b. Participación e corresponsabilidade ambiental
c. Proxectos sectoriais relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental

## 1.2. Organización do persoal bolseiro

No presente curso houbo 13 persoas bolseiras, 4 delas con dedicación completa a OMA e as restantes con horario e funcións compartidas co seu centro Green Campus. As persoas son seleccionadas polo Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU), cun calendario que se estende de outubro a maio.

O curso 2019-2020 caracterizouse pola adaptación ao desenvolvemento de accións telemáticas debido a declaración de estado de alarma por Covid-19 que desde o 13 de marzo implicou a suspensión de toda actividade presencial na UDC.

O persoal bolseiro asignado a Green Campus distribúe a súa dedicación nun 50% a OMA e noutro 50% a accións do propio centro, aproximadamente. Esta memoria refírese unicamente ás primeiras, actividades que foron coordinadas por Manuel Soto, director da OMA e Verónica Torrijos, técnica ambiental da OMA.

Formouse unha equipa multidisciplinar, con bolserias e bolseiros procedentes de case todas as titulacións ofertadas na UDC, con un obxectivo común: facer da Universidade un lugar mais sustentábel e promover actividades e hábitos respectuosos co medio ambiente.

Para o bo funcionamento do grupo mantivéronse dúas canles principais de comunicación:

- **Presencial:** reunións no Ed. Xoana Capdevielle para organización de actividades, reparto de tarefas, posta en común de dúbidas e outras propostas.
- **Telemática:** vía grupo de mensaxería instantánea e de correo electrónico, utilizado para concreción de tarefas, e difusión instantánea entre o grupo.



Reparto e procedencia das persoas bolseiras curso 2019-20:

| OMA | Green Campus + OMA |
|---|---|
| ETSE Camiños, Canais e Portos | Campus de Ferrol |
| Facultade de Ciencias (Química) | ETS Arquitectura |
| Facultade de CC.da Comunicación | ETSE Camiños, Canais e Portos |
| Facultade de Dereito | Facultade de Ciencias (Bioloxía) |
| | Facultade de Ciencias da Educación |
| | Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física |
| | Facultade de Dereito |
| | Facultade de Economía e Empresa |
| | Facultade de Fisioterapia |

No presente curso ficaron desertas as bolsas de GC+OMA para os centros de EU Arquitectura Técnica, ETS Náutica e Máquinas, Fac. de Ciencias da Saúde.

As tarefas principais de seguimento en este curso foron:

- **Divulgación.** Xestión do correo electrónico, blogue e redes sociais, inscricións en actividades, avaliación de enquisas.
- Elaboración de infografías e materiais audiovisuais.
- **Residuos** e compostaxe. Seguimento e caracterizacións do lixo en varios centros.
- **Biodiversidade.** Mantemento e xestión do Monte da Fraga.
- **Green Campus**. Campañas de aforro de auga, enerxía e papel, xestión de residuos, exposicións, etc.
- **Proxecto** Educando para a Sustentabilidade.

O grupo bolseiro da OMA participou nestas actividades segundo o plan de formación e convocatoria de bolsas da VEPEU.

## 1.3. Recoñecemento de créditos

Todas actividades da Oficina de Medio Ambiente están acollidas ao recoñecemento académico de créditos para o estudantado de grao da UDC.

A Normativa para Titulacións Adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) é a Resolución reitoral da UDC pola que se establece que as actividades formativas en programas de educación para a sustentabilidade recoñecerán 1 crédito por cada 10 horas de formación nas actividades da OMA, aprobada polo Consello de Goberno do 21 de xullo de 2016.

## 1.4. Voluntariado ambiental

Desde o 2016/17, mediante un acordo de colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), pódese contar con persoal voluntario da OMA durante o curso.

Para facerse voluntaria/o ambiental da UDC, é recomendábel informase sobre o Programa de Actividades nas que se pode participar, para elixir aquelas que mais se adapten aos intereses e dispoñibilidades da persoa. Dispone tanto de actividades continuadas, como poden ser o mantemento das áreas de compostaxe, ou tamén actividades puntuais como a organización e/ou participación de obradoiros de temática ambiental. Tamén é posíbel presentar un proxecto de voluntariado ambiental para desenvolver nos Campus da UDC.

O obxectivo deste programa é fomentar a participación de toda a comunidade universitaria na mellora ambiental da Universidade, dirixido por tanto a PDI, PAS, PEC e alumnado.

Toda a información do Voluntariado Ambiental na UDC na ligazón: www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/voluntariado/

# 2. Divulgación da OMA

A Oficina conta co seu propio espazo na web da UDC, localizado no apartado de **Vida no Campus:**
https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/

Para que as actividades da OMA cheguen a público diverso, creáronse tamén outros espazos en internet, facendo uso das redes sociais:

★ **Blogue da Oficina.** Onde se publican as convocatorias e as crónicas das actividades
www.medioambienteudc.blogspot.com.es

★**YouTube.** Canle de divulgación do material audiovisual creado: videos, gravacións de conferencias e eventos ambientais.
https://www.youtube.com/channel/UCCA2qcoTAO7rPvjgx0bDR5g/featured

★ **Facebook.** Onde se publican as actividades propias da OMA, e se comparten as dos centros Green Campus e outros servizos da UDC que organicen accións relacionadas co medio ambiente.
https://www.facebook.com/Oficina-de-Medio-Ambiente-UDC/

★ **Twitter.** Publícase e compártese a actualidade da Oficina, da Universidade e de temas ambientais
https://twitter.com/OMA_UDC

★ **Instagram.** Comparte contido similar ao de Facebook, pero con mellor edición de imaxes e videos en directo
https://www.instagram.com/bolseirasoma



## 2.1. Alcance e evolución nas redes sociais

Durante o 2019/2020 aumentou nun 76% o seguimento da rede Instagram, sendo na actualidade unha das mais usadas pola xuventude. Sumáronse neste curso:

- Facebook: 86 seguidorxs (total 1.497)
- Instagram: 345 seguidorxs (total 451)
- Twitter: 66 seguidores (total 711)




Post mais visitados (alcance persoas):

1) Día das abellas (2500)
2) Resultado limpeza praia de Bens (1400)
3) Limpeza simultánea de ríos (1200)










No curso 2019/2020 ademais da publicación de posts, engadiuse a publicación de 'Historias', nova tendencia das redes sociais para promocionar a divulgación instantánea, estando activas durante 24h. Con isto, ás 100-200 persoas habituais sumáronselle 10-20 persoas no día do evento 'Historia'.

# 3. Mobilidade sustentábel

O Plan de mobilidade e espazo público é promovido pola UDC desde o 2010, favorecendo e difundindo a importancia dos medios de transporte non motorizados, antepoñendo ao peón e outros medios como a bicicleta fronte ao uso do vehículo privado, seguidos do transporte público ou desprazamentos partillados. Isto sitúa á UDC coma unha institución exemplar á hora de construír un campus universitario sustentábel, comprometida coa conservación e mellora do ambiente e consciente dos beneficios sociais, culturais e económicos,, promovendo unha actitude responsábel e saudábel.

**3.1. Servizo de préstamo de bicis**

O Servizo de préstamo de bicicletas está incluído no Plan de mobilidade sustentábel da UDC, ofrecendo a través da OMA a disposición do estudantado e de persoal PAS e PDI, facilitando así o aceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma para desprazarse aos campus promovendo o emprego da bicicleta como medio de transporte sostíbel.
Durante o curso 2019-20 emprestáronse 75 bicicletas, para os campus de Coruña e Ferrol. Toda a información sobre este servizo pódese atopar na páxina web da OMA-UDC na seguinte ligazón:
https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/



### 3.2. Ergonomía e mantemento básico da bici

Asociación Mobi-Liza, por unha mobilidade sustentable

Data e lugar: 19/09/2019, Aula 1 Pavillón de Estudantes (Elviña)

Dirixido ás persoas con adxudicación de bicicleta da UDC en préstamo para o curso 2019/2020, o obxectivo foi mellorar os coñecementos para unha condución segura, tanto desde o punto de vista de mantemento como das normas de circulación, e facendo fincapé nas posibilidades da bici como medio de transporte sustentábel e saudábel. Participaron unhas **30 persoas** en dúas quendas explicativas.



### 3.3. Roteiro en bici Campus-Cidade

Asociación Mobi-liza, por unha mobilidade sustentable

Datas e lugar: 19/09/2019, saída desde o Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña.

Esta actividade organízase cada curso académico coa finalidade de que as persoas con adxudicación de bici da UDC melloren a súa preparación e coñecemento dos roteiros óptimos para achegarse ao Campus universitario desde as súas vivendas na cidade. Sumáronse **10 ciclo-usuarias**, que foron guiadas polo persoal de Mobi-liza nun treito de 5 km aproximadamente.



# 4. Monte da Fraga

O Monte da Fraga, un espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía, pasou de ser un espazo descoidado, con exceso de eucaliptos e sen xestión silvícola, a converterse nun lugar de referencia na UDC para o desenvolvemento de actividades ao aire libre e para a experimentación e investigación ligada principalmente á Facultade de Ciencias. Reforestacións participativas con especies forestais autóctonas, eliminación de especies exóticas invasoras, mapeo de especies e inventarios de biodiversidade son algunhas das actividades levadas a cabo.

O "Roteiro do Monte da Fraga", autoguiado con paradas interpretativas por códigos QR localizados nas 20 balizas no percurso, poden visitarse no blogue:

https://basededatosmontedafraga.wordpress.com/



## 4.1. Proxecto de custodia do territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Exemplo disto é a colaboración coa UDC dos colectivos ecoloxistas ADEGA e HABITAT, que están a contribuír coa realización de diferentes actividades de estudo e conservación do espazo do Monte da Fraga.

Este proxecto de conta ademais coa colaboración entre a Universidade e o Concello da Coruña, a cal se reflicte no "Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga", asinado en outubro de 2017, e renovado anualmente ata a actualidade.

## 4.2. Actividades

As actividades de educación e voluntariado ambiental constaron de unha charla explicativa ou conferencia, un roteiro, visita e/ou un obradoiro, co obxectivo de promover con distintas metodoloxías o coñecemento para a conservación da biodiversidade e posta en valor dos recursos naturais, con asesoramento das entidades de custodia.

A memoria das actividades do ano 2019 poden consultarse na ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/restauracion_forestal/MEMORIA-MONTE-DA-FRAGA-ANO-2019.pdf_2063069239.pdf






As datas e entidades que desenvolveron as actividades abertas á participación, do Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a UDC para o curso 2019/20 móstranse na seguinte táboa:

| Datas | Actividade | Entidade | Nº persoas |
|---|---|---|---|
| 03/10/2019<br>vvdd*/11/2019<br>03/03/2020 | Mapeado e eliminación de Especies Exóticas Invasoras | ADEGA | 63 |
| 07/09/2019 | Saída de avistamento e coñecemento de avelaíñas | Hábitat | 23 |
| 22/09/2019<br>05/07/2020 | Roteiro interpretativo do Monte da Fraga | Hábitat | 52 |
| 03/12/2019 | Identificación microscópica de cogomelos | UDC Big-Bang | 12 |
| do 28 ao<br>31/10/2019 | Exposición dos cogomelos do Monte da Fraga | UDC Big-Bang | 90 |
| 01/11/2019 | Roteiro micolóxico polo Monte da Fraga | UDC Big-Bang | 15 |
| 27/11/2019 | Mesa redonda sobre Custodia do territorio | ADEGA | 50 |
| 29/11/2019<br>14/12/2019<br>10/07/2020 | Reforestación, plantación de loureiros e marcaxe de árbores. Mantemento da charca | ADEGA | 39 |
| 05/06/2020 | Día Mundial do Medio Ambiente polo Monte da Fraga | ADEGA | 10 |

*vvdd: varios días



# 5. Residuos

**5.1. Visita á Planta de Tratamento de Residuos de Nostián**
Actividade incluída no Marzo Ambiental 2020 (apartado 6 desta memoria), á que asistiron **22 persoas**.

**5.2. Campaña de sensibilización sobre a separación e xestión dos residuos na UDC**

Desenvolta co apoio do Concello da Coruña, a campaña estivo dirixida á mellora da divulgación do sistema de separación seguindo o modelo Nostián.

As actividades de sensibilización chegaron a uns 400 estudantes de forma directa, e adicionando a participación de voluntariado en actividades de limpeza. Móstranse resultados positivos na separación en orixe nos tres centros nos que se implantou a recollida separada de fracción orgánica.

Informe completo da campaña:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/residuos/Memoria-Residuos-2019-Concello-OMA-2.pdf_2063069239.pdf

As actividades principais que se desenvolveron foron:

- Participación na Semana Europea de Prevención dos Residuos (5.2.1.)
- Caracterización dos residuos en 4 centros da UDC (5.2.2.)
- Elaboración da Exposición: O lixo na UDC – Modelo Nostián (5.2.3.)

Outras actividades que se poden consultar no informe completo da campaña son as seguintes:

- Adaptación ao sistema de segregación interna na Facultade de Ciencias e no Ed. Xoana Capdevielle
- Equipamentos para a mellora na separación de residuos
- Xornadas de sensibilización e voluntariado

### 5.2.1. Participación na Semana Europea de Prevención dos Residuos *(EWWR: European Week for Waste Reduction)*

Do 16 ao 29 de novembro de 2019, desenvolvéronse xornadas informativas nas aulas para a sensibilización e resolución de dúbidas sobre a recollida separada de residuos do modelo Nostián, a cargo do persoal técnico e bolseiro da OMA.

O alcance foi moi satisfactorio, asistindo a 13 aulas, con unha media de 30 alumnos/as por aula, chegando así a manter contacto directo con **390 alumnos/as** e o seu profesorado.

### 5.2.2. Caracterización dos residuos en 4 centros da UDC

Datas e lugares: 19 e 20 de novembro 2019, Facultade de Ciencias da Educación (FCCEE), Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT), ETSE Camiños, Canais e Portos (ETSECCP), Facultade de Ciencias (FCC, aínda sen recollida separada).

A caracterización de residuos consiste no estudo da composición e análise da calidade da separación en orixe. Esta actividade ten dobre función: coñecemento do sistema, e sensibilización e educación da comunidade usuaria.

Un grupo de **12 persoas** implicouse nesta actividade.







https://www.ewwr.eu/actions/map



*Imaxe: bolsas de acumulación nas illas de separación da FCCEE*





### 5.2.3. Elaboración da Exposición: O lixo na UDC – Modelo Nostián

Elaborada entre novembro de 2019 e febreiro de 2020, estivo aberta á visita na Facultade de Dereito durante o Marzo Ambiental 2020, estimándose a libre visita de 10 persoas.

O seu contido pode consultarse na ligazón:

https://udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/expo-residuos/index.html

A exposición conta con 16 paneis que a OMA pon a disposición da comunidade universitaria para a súa localización en diferentes centros (contacto oma@udc.gal).




### 5.3. Áreas de compostaxe na UDC

Durante o curso 2019/2020 as áreas de compostaxe da UDC continuaron en funcionamento para xestionar os restos orgánicos dos comedores universitarios.

A maiores, fíxose a posta en marcha da área asociada ao comedor da Facultade de Dereito, e instalouse o composteiro para a recollida da fracción orgánica do Ed. Xoana Capdevielle (Aula de Estudo da UDC).



# 6. Proxecto Educando para a Sustentabilidade

'Educando para a sustentabilidade' é un proxecto que se desenvolve co apoio da Fundación Alcoa, co obxectivo de chegar a todos os colectivos da UDC: estudantado, profesorado e persoal administrativo e investigador, para súa formación en sustentabilidade ambiental e social.

Desenvolveuse por terceiro ano o programa 'Campus, Casa, Cidade: Laboratorios docambio', que concibe a Universidade para aprendizaxe e experimentación en sustentabilidade e a súa proxección aos ámbitos doméstico e cidadá.

Toda a información do proxecto pode consultarse na ligazón:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/curso/

Memoria en detalle de esta III Edición do proxecto:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/curso/Memoria_UDC_Alcoa_2020_compressed.pdf_2063069239.pdf

Campus, Casa, Cidade:
**Laboratorios do cambio**

## 6.1. Marzo Ambiental 2020

As temáticas do Marzo Ambiental 2020 que tiveron especial relevancia foron as relacionadas con Emerxencia climática, Saúde, Green Campus, Enerxía, Auga, Residuos, Ecodeseño e Pegada ecolóxica.

A programación estivo afectada pola suspensión da actividade presencial desde o día 13 de marzo (declaración da alarma sanitaria por Covid-19), como se mostra na seguinte figura.

Memoria Marzo Ambiental 2020:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/curso/Memoria_Marzo_Ambiental_2020.pdf_2063069239.pdf



Como se mostra no anterior calendario, contouse con cinco eixos temáticos de participación:

A) **Ciclo de Conferencias, mesas redondas e debates:** programa extenso en temática ambiental deactualidade con poñentes expertos en cada tema (391 persoas participantes)

B) **Obradoiros de sustentabilidade:** con horas de formación teórica e de traballo autónomo, en diversos chamamentos de convocatoria (299 persoas participantes).

C) **Manchando as mans:** módulo de traballo eminentemente práctico con visitas técnicas e actividades de campo abertas á comunidade universitaria e ao público en xeral (141 persoas).

D) **Ciclo de cinema ambiental:** proxeccións con debate dinamizado pola dirección dos documentais, nos que se presentaron conflitos ambientais de actualidade (Nº persoas incluídas en C).

E) **Exposicións** de temática ambiental localizadas en diversos centros da UDC (190 persoas participantes).

**Programa completo Marzo Ambiental 2020:**

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/curso/PROGRAMA-MARZO-AMBIENTAL-2020.pdf_2063069239.pdf



## 6.2. Curso on-line Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio

Adaptación ao confinamento por Covid-19, co obxectivo de chegar grazas ás novas tecnoloxías a toda a comunidade universitaria para dar continuidade á posibilidade de formación en sustentabilidade desde os fogares.

Contou con 5 módulos de formación:

Módulo 1. TIC e xeorreferencia participativa.

Módulo 2. Cálculo da nosa pegada ecolóxica.

Módulo 3. Residuos, reciclaxe e compostaxe.

Módulo 4. Ecoauditorías de auga e enerxía no fogar.

Módulo 5. Mapeo de contaminación acústica.

Entre o 5 e 15 de maio de 2020, asistiron a esta formación **129 persoas**, das que 58 entregaron as actividades prácticas complementarias para o mellor aproveitamento dos contidos.



# 7. Campañas de Aforro de Auga, Enerxía e Papel

## 7.1. Aforro de auga na UDC e ecoauditorías

O **programa de aforro** conta con tres elementos básicos de actuación, co obxectivo de reducir o consumo de auga, que se poden clasificar segundo o seu custo económico:

1. Medidas sen custo: axuste do caudal mediante chave.
2. Medidas de baixo custo: aireadores, arranxar chaves.
3. Medidas de maior custo: muda de billas e cisternas, e outros sistemas aforradores de auga.

Para sermos conscientes deste obxectivo de redución,, compre termos información ben visible en cada lugar onde se aplicaron medidas, empregando a seguinte eco-etiqueta:




As **eco-auditorías da auga** consisten en facer medicións de caudais para o control e seguimento das billas, facendo as adaptacións de mellora (axuste chave/ instalación perlizador) cando é posíbel.
Un grupo de **6 bolseirxs** da OMA e GC formáronse e implicáronse nesta tarefa, que no 2019/2020 se desenvolveu na ETSA e Filoloxía.

## 7.2. Aforro de papel na UDC

**'Re-utilizando: 2 caras, 2 usos'**, esta campaña para a promoción da reutilización do papel continuou na UDC. Hai caixas acondicionadas co indicativo da campaña situadas en zonas comúns das facultades, convidando a deixar o papel con unha cara libre antes de tirar ao lixo, sendo un recurso para o uso como papeis de notas.

**Guía "Compra pública verde de papel"**, coa que a UDC incorpora a compra verde e promove a redución da pegada ecolóxica por nun dos materiais de maior consumo na actividade universitaria. Facer real este obxectivo é decisión colectiva e tamén individual de cada persoa, centro ou departamento administrativo nos que recae a toma de decisión sobre compras.




Consulta e descarga a Guía: https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/pegada_ecoloxica/GUIA_COMPRA_VERDE_PAPEL.pdf_2063069239.pdf

# 8. Outras Actividades

## 8.1. Proxecto Rios e Limpeza simultánea de ríos

Datas: 27/09/2019 (Limpeza de ríos); 23/11/2019 (Inspección de outono), 29/05/2020 (Inspección de primavera);

Lugar: marxes do río Lagar ao seu paso polo Campus de Elviña.

**Limpeza Simultánea de Ríos.** No ano 2019 organizouse a XII edición das limpezas simultáneas de río nas que participan entidades de toda Galiza. Este día na UDC coincidiu coa Folga Mundial polo Clima, apoiando con esta acción o chamamento e asistindo **25 persoas** á actividade.

O **Proxecto Ríos** é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos ecosistemas fluviais, adoptando treitos para o estudo físico-químico e biolóxico da calidade das augas e as súas marxes. No presente curso participaron **26 alumnas/os** da UDC. O resultado para os dous chamamentos foi “Calidade Moderada” (puntuación 3 de 5, Índice macroinvertebrados bioindicadores).










### 8.2. Participación no Climathon 2019

Data: 25/10/2019. Centro de Estudos Avanzados, Santiago de Compostela.

O Climathon organízase de forma simultánea en todo o mundo (123 cidades de mais de 50 países en 2019), enténdese como unha maratón de 12 horas para a aprendizaxe na problemática do Cambio Climático. A presente convocatoria levou o o lema de **“Cambiemos nós e non o clima”**. Organizado en Galiza pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a UDC formou un grupo de **12 participantes** entre as 100 persoas escollidas.



### 8.3. II Edición dos Premios UDC Sustentabilidade

A sustentabilidade é unha liña estratéxica da UDC na que participa a Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade a través da OMA. Con esta convocatoria aberta á inscrición até o 31/12/2019, contribúese ao recoñecemento dos traballos que se implican na adopción de prácticas de sustentabilidade.

Presentáronse **27 traballos** procedentes de diferentes escolas e facultades da UDC.




Máis información: A Universidade da Coruña celebra o Día Mundial do Medio Ambiente coa entrega dos Premios Sustentabilidade
Resolución da 2ª Ed. Premios UDC Sustentabilidade 2019

Unha colección da UDC acollerá a publicación dos artigos elaborados polos autores e autoras. O libro cos traballos da primeira edición (TFG e TFM 2018 premiados) está accesible en: https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497831

## 8.4. Hortas comunitarias UDC e parcela da OMA

No presente curso continuou a cesión das 40 parcelas de 20m$^2$ para a comunidade universitaria, que só durante o confinamento por Covid-19 se viu pausado.

Actualizouse o mapa das parcelas e elaborouse a proposta de panel informativo que se mostra a continuación (imaxe).





O grupo de bolseirxs da OMA e Green Campus continuaron a facer o mantemento da parcela asociada á área de compostaxe de Ciencias-EUAT.




Imaxe. Proposta de panel para a identificación das hortas da UDC, elaborado por Carlota Fiaño, bolseira de CC. da Comunicación

# 9. Programa Green Campus

Green Campus (GC) é un programa para a preservación do medio ambiente desde a universidade, impulsado pola Foundation for Enviromental Education (FEE), e xestionado en España pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC).

A UDC sumouse a este programa no ano 2014 e desde entón continúa a sumar centros de participación.

En Novembro de 2019 o xurado de GC avaliou as candidaturas da UDC ao galardón Bandeira Verde. Tralo exame da documentación achegada e a visita ás instalacións por parte do persoal de ADEAC, concedeuse a **Bandeira Verde ao Campus de Ferrol e á Facultade de Fisioterapia da UDC**, polo seu exitoso desenvolvemento do programa GC.

Ademais, renovouse a Bandeira Verde da Facultade de Ciencias da Educación, Ciencias da Saúde, EU Arquitectura Técnica, ETS Arquitectura, ETS Camiños, Canais e Portos, para os cursos 2019/20 e 2020/21. **Sumando así un total de 7 Bandeiras Verdes, a UDC avanza no camiño da sustentabilidade.**

Informes Green Campus Centros UDC 2019, e información xeral do programa: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus/




Imaxes: concesión da Bandeira Verde ao Campus de Ferrol e Fac. Fisioterapia, novembro 2019







En Maio de 2020 envioususe unha enquisa a todo o alumnado da UDC co obxectivo de poder valorar o coñecemento do programa e localizar posibilidades de mellora. Un total de 28 preguntas e 256 respostas, o 44% delas procedentes de 4 centros, e o resto doutros 20 centros da UDC. *Extracto enquisa:*

*Cres que é positivo que o teu centro participe no Programa GC?*



# 10. A UDC no Ranking GreenMetric 2019

O *GreenMetric Ranking of World Universities*, elaborado pola Universidade de Indonesia (UI), compara os esforzos das universidades cara a sustentabilidade ambiental e as políticas de xestión respectuosas co ambiente. O ránking contempla 6 indicadores: Infraestruturas, Enerxía e cambio climático, Residuos, Auga, Transporte e Educación.




No ano 2019 presentáronse 780 universidades de 85 países. Sendo a 4ª convocatoria á que se presenta a UDC, continúa a mellorar os resultados cada ano, conseguindo o **3º posto estatal** (ascenso desde o 7º posto de 2018) e a **85 posición a nivel mundial** (ascenso desde a 93 posición en 2018). A puntuación acadada en relación á máxima posible variou entre o 58% (Infraestruturas) e o 79% (Residuos e Educación), o que pon de manifesto que tamén temos unha importante marxe de mellora diante nosa.






# 11. Resultados e valoración do curso 2019/2020

## 11.1. Cronograma

No almanaque das seguintes páxinas móstranse as actividades desenvoltas no curso 2019/2020, distinguindo a tipoloxía.

### Setembro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

### Outubro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

### Novembro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27<br>27 | 28 | 29<br>29 | 30 | |

### Decembro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

### Xaneiro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

### Febreiro

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | |

O desenvolvemento do curso 2019/2020 estivo marcado pola declaración de alarma santiaria por Covid-19, como se ve no almanaque desee o 13 de marzo canceláronse as actividades e mais tarde adaptouse a tipoloxía das actividades á participación telemática.

### Marzo

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 3 / 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

### Abril

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

### Maio

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

### Xuño

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

### Xullo

| L | M | Mé | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

| | |
|---|---|
| | Actividades Monte da Fraga |
| | Actividades diversas |
| | Marzo Ambiental 2020 |
| | Curso On-line |
| | Exames |
| 00 | Non lectivo |
| | Actividade cancelada Covid-19 |

## 11.2. Participación nas actividades no curso 2019/2020

As liñas de actividades relacionadas coa xestión ambiental e a sustentabilidade na UDC e organizadas pola OMA continuaron a ter boa acollida no curso 2019/2020, mostrando o interese da comunidade universitaria pola formación neste eido.

O total de participantes ascendeu a **3.007 persoas,** e como se mostra na gráfica, é común que a participación supere as 50 persoas por tipo de actividade.

Algunhas actividades con límite de inscrición para ofrecer un bó aproveitamento das mesmas, e no caso das ferramentas TIC obsérvase a disposición da comunidade universitaria ao seu uso, sumando 887 persoas que utilizaron algunha das desenvoltas pola OMA.



## 11.3. Avaliación das actividades do curso 2019/2020

Despois de ter asistido ás diferentes liñas de actividades, enviouse unha enquisa on-line para a súa valoración, que constou de diversos ítems adaptados ao contido de cada liña, tendo en conta a formación da persoa que imparte, o contido da actividade, o resultado de aprendizaxe, a duración e horario, entre outros.

En todos os casos a valoración foi moi positiva, se ben os comentarios para a mellora e ampliación de oferta de actividades ambientais e de sustentabilidade foron de agradecer para a programación dos vindeiros cursos.

- Préstamo de bicis: 4,4 sobre 5 puntos
- Marzo Ambiental 2020: 4,4 sobre 5 puntos
- Curso On-line: 4,6 sobre 5 puntos
- Bolsa OMA-GC: 4,3 sobre 5 puntos
- Hortas urbanas UDC: 3,46 sobre 4 puntos
- Reforestación Monte da Fraga: 4,8 sobre 5 puntos





Imaxes: Limpezas da praia de Bens en Marzo 2020 (52 persoas voluntarias) e en Xuño 2020 (15 persoas voluntarias, actividade limitada por normativa de desescalada por Covid-19).

# 12. Novas da OMA nos medios de comunicación

Edar Bens — Quen somos? | Que facemos? | Compromiso social | Actualidade | Contacto | ESP

## A Universidade da Coruña coñece as instalacións de Edar Bens

**A Coruña, 6 de marzo de 2020. A** Oficina de Medio Ambiente da UDC organizou esta mañá unha visita á planta depuradora de Bens.

O grupo formado por persoas da comunidade universitaria, tanto estudantes, profesores como persoal de administración e servizos recorreron as instalacións da depuradora acompañados dos profesionais de cada departamento para coñecer o funcionamento da planta e os procesos químicos levados a cabo nela.



Visita a EDAR BENS – 6 de marzo de 2020

CMIX centro municipal de información xuvenil — CONÉCTATE
boletín semanal de convocatorias — www.coruna.gal/cmix

**ACTIVIDADES**

### Ciclo de cinema medio ambiental na UDC

Dentro do Programa Marzo Ambiental, organizado pola Oficina de Medio Ambiente da UDC e a Fundación Alcoa, inclúese un ciclo de cinema-debate medioambiental que contará coa presenza dos directores.

**CANDO**:
- 3 de marzo ás 17.00 h. "***Redes contra a política do expolio***", de Xosé Bocixa. *Facult. de Socioloxía*
- 17 de marzo ás 19.00 h. "***Made in, Made for***", de Jon Kareaga. *NORMAL (Riazor)*
- 18 de marzo ás 19.00 h. "***Fíos Fora***", de Illa Bufarda. *NORMAL*

**PREZO**: entrada libre ata completar capacidade

**MÁIS INFORMACIÓN:**
***Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC)***
Edif. Xoana Capdevielle. Campus de Elviña (15071 - A Coruña)
Tel.: 981 167 000 Exts.: 5688 / 5626 / 7769
Correo-e: oma@udc.es
Web: www.udc.es/es/sociedade/medio_ambiente




www.cmeagrela.es › sites › Satellite › Page › Generico-Page-Generica

**Cursos - Ayuntamiento de A Coruña**

Marzo Ambiental **2020** na **UDC** enmárcanse no Proxecto Educando para a Sustentabilidade da **UDC** e **Fundación Alcoa**, que ten como obxectivo formar á ...

10 reus años — Red Española de Universidades Saludables — crue Universidades Españolas Sostenibilidad — Grupo de Trabajo de Universidades Saludables — Gobierno de España — Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad — Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

unisaludables.es › noticias › leer › miembros ▾ Traducir esta páxina

**Noticias de miembros - REUS - Red Española de ...**

A **UDC**, entre las 5 primeras de España, y de las mejores del mundo en ránking THE-Objetivos de Desarrollo Sostenible. 6 De Mayo De **2020 UDC** ... Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio (Proxecto **UDC** + **Fundación Alcoa**).

# Novas sobre Green Metrics

La Voz de Galicia

Suscríbete

## La UDC se coloca entre las tres mejores universidades españolas en políticas ambientales

En cuanto a transparencia, el «ránking» Dyntra la sitúa como la séptima universidad más transparente del Sistema Universitario Español

Chiringuitos

quincemil

IPO DEPORTE VIVIR CULTURA ECONOMÍA AC

ón

QUINCEMIL > CULTURA > EDUCACIÓN

## La Universidade da Coruña, en el tercer puesto a nivel nacional en políticas ambientales

Tras consolidarse como la séptima universidad nacional en materia de transparencia, ahora ha sido valorada por sus políticas medioambientales

REDACCIÓN 13:31 · 9/12/2019

GD #Coronavirus Política Comunicación Sociedade Economía M. Ambiente Cien

## A UDC, no terceiro posto a nivel estatal en políticas ambientais

Así o recolle o GreenMetric World University Ranking.

- As universidades galegas captaron 342,8 millóns de recursos públicos en tres anos
- Un ranking coloca as tres universidades galegas entre as mellores do mundo

Por E.P. | A CORUÑA | 09/12/2019 | Actualizada ás 13:31

O GreenMetric World University Ranking sitúa a **Universidade da Coruña** (UDC) no a nivel estatal --subindo catro posicións con respecto ao ano anterior-- e na posició institucións mundiais --subindo oito postos-- en relación ás **políticas ambientais**, s informa o reitorado.

O **GreenMetric World University Ranking** é unha iniciativa da Universidade de Indo realizou por primeira vez en 2010. O seu obxectivo é "proporcionar unha clasificaci ás políticas relacionadas co medio ambiente (loita contra cámbioo climático mund conservación da enerxía e a auga e reciclaxe de residuos) nas universidades de to

ABC GALICIA

España Internacional Economía Sociedad Madrid Familia

ABC ESPAÑA Casa Real Aragón Canarias Castilla y León Cataluña

UNIVERSIDADES

## La UDC se convierte en la tercera universidad nacional más respetuosa con el medioambiente

- También ha sido nombrada el séptimo centro de España más transparente por el informe Dyntra

La Opinión A Coruña

## Apuesta por el conocimiento verde

La UDC ocupa el tercer puesto entre las universidades españolas en el 'ranking' medioambiental GreenMetric, tras subir tres puestos

Enrique Carballo | 09.12.2019 | 21:06

La integración de diversas disciplinas científicas y proyectos de investigación para estudiar cómo mejorar la sostenibilidad, la mejora de la eficiencia energética y la apuesta por los espacios verdes son algunas de las medidas puestas en marcha por la Universidade da Coruña para mejorar en el respeto y apoyo al medio ambiente. Entre las soluciones concretas, se emplean tanto herramientas inteligentes como plantas para conseguir que se reduzca el consumo eléctrico de los edificios y se está intentando disminuir el área de aparcamiento, actualmente "muy elevada"



Estudiantes repasando en una de las áreas verdes del campus de Elviña. **Casteleiro/Roller Agencias**

La Universidade da Coruña (UDC) ha quedado este año tercera entre las universidades españolas en la clasificación de la GreenMetric World University, que evalúa la implicación medioambiental de instituciones de educación superior de todo el mundo. A nivel mundial, ocupa la posición 85 de 780. El responsable de la oficina de Medio Ambiente de la UDC, Manuel Soto, señala que no quiere ser "triunfalista", pues, de un total de 100 puntos a los que podía aspirar la universidad, la nota final es de 70, por lo que todavía hay margen de mejora. Sin embargo, señala un punto fuerte de la institución coruñesa: la creación en 2018 del campus de sostenibilidad.

# Novas sobre o Campus de Ferrol

Memoria de actividades da OMA 2019-20

La Voz de Galicia — Suscríbete

FERROL

## La muestra «Mar de Plástico» llega al campus de Esteiro

La exposición reúne obras artísticas realizadas con restos materiales plásticos recogidos en las playas

LA VOZ
FERROL 12/03/2020 05:00 H

**Hoy, jueves • 12.00 horas • centro cultural del campus •** La vicerrectora del campus de Ferrol, María Jesús Movilla, y el presidente de la asociación Mar de Fábula, Xosé Manuel Barros, y los artistas Isaac García, Javier Serantes y Ana Lee, del colectivo Retoque Retro, inauguran este mediodía la exposición «Mar de Plástico» en el centro cultural del campus de Ferrol. La muestra incluye numerosas obras realizadas con materiales plásticos recogidos en las playas gallegas.

enfoques.gal

Ferrol · O Eume · Ortegal · Política Local · Economía · Sociedade · Cultura · Deportes · Entrevistas · Opinión

Home › Educación

## O campus de Ferrol acolle unha xornada de sensibilización sobre o consumo de materiais plásticos

Este obradoiro, que terá lugar na Escola de Deseño Industrial, forma parte do programa "Marzo Ambiental" que organiza a UDC

Autor Redacción — 2 de Marzo de 2020 en Educación, Ferrol 0

La Voz de Galicia — Suscríbete

## Reducir plásticos

Iniciativa en defensa del medio ambiente




CEDIDA

ISIDORO VALERIO
06/03/2020 05:00 H

Los alumnos de cuarto curso del Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto, Andrea Vaquera, Enrique Larrañaga, Diego Guerrero y María Bañón, impartieron este miércoles en la Escuela Universitaria de Diseño Industrial (EUDI) del campus

La Voz de Galicia — Suscríbete

## El campus de Ferrol, segundo de España en obtener la bandera verde

La vicerrectora alaba el compromiso ambiental de toda la comunidad universitaria para lograr el distintivo de Adeac



CESAR TOIMIL

BEATRIZ ANTÓN
FERROL / LA VOZ 12/12/2019 09:44 H

La bandera verde ondea desde ayer en el mástil del Vicerrectorado del campus de Ferrol, lo que certifica el compromiso del recinto

COPE — Newsletters — Registrarme

## El Campus de Ferrol consigue la Bandera Verde que acredita su calidad medioambiental

El proceso de evaluación ha durado dos cursos y es concedido por la Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC)

Reunión del Comité Ambiental del Green Campus Ferrol reunido en la Sala de Juntas de la Vicerreitoría



COPE Ferrol - Javier García

Tiempo de lectura: 1' 13 nov 2019 - 22:00 | Actualizado 22:01

La Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC) viene de concederle al Campus de Ferrol la Bandeira Verde una vez evaluado el trabajo realizardo en el marco del programa Green Campus a lo largo de los cursos 2017/18 y 2018/19.

En estos dos últimos años, el Campus de Ferrol, a través de sus Comité Ambiental, puso en marcha las medidas incluidas en su plan de acción, entre ellas aquellas que se centran en el ahorro de agua y en la optimización del consumo eléctrico.

A mayores, también instalaron contenedores para la recogida selectiva de residuos en todos los centros y zonas comunes del Campus de Ferrol.

Fomentar una alimentación saludable e incentivar la práctica de ejercicio físico entre los

# Novas sobre o Climathon



RETEMA
Revista Técnica de Medio Ambiente

REVISTA ACTUALIDAD ARTÍCULOS Y REPORTAJES PODCASTS AGENDA ENTIDADES NEWSLETT

ACTUALIDAD

AGUA CLIMA EMISIONES ENERGÍA RESIDUOS SOSTENIBILIDAD

## La tercera edición de Climathon Galicia reúne a más de un centenar de personas

Se trata del mayor movimiento participativo del mundo sobre calentamiento global



Galicia se suma de nuevo al reto del Climathon, el maratón mundial sobre el cambio climático

Santiago acogerá el 25 de octubre una nueva edición de este evento climático de referencia que se celebra de forma simultánea en más de cien localidades del mundo. Un maratón de doce horas de duración durante el que los participantes plantan cara y tratan de buscar soluciones a este desafío medioambiental





XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2021
galicia o bo camiño

Goberno e institucións Temas eServizos Transparencia

/ Sala de comunicación / Actualidade / Hemeroteca
Volver

## O terceiro 'Climathon Galicia' reúne a máis dun cento de persoas co reto de mellorar a comunicación sobre o cambio climático

Escoitar

- Trátase do maior movemento participativo do mundo sobre quecemento global

FIN

Persoal bolseiro da Oficina de Medio Ambiente

# Curso 2019/2020

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OMA
Oficina de Medio Ambiente UDC